



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II

Acordo da Xunta de Goberno do 22 de abril de 1996

Na actualidade a Universidade de Santiago de Compostela reconece un máximo de sete convocatorias para supera-las materias. O actual sistema ten o seu referente nos Reais Decretos Lei 9/75 e 8/76. Esta normativa conduce a consecuencias non desexadas dende o momento no que as Universidades gozan de autonomía, e poidan non segui-los procedementos establecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia para admitir alumnos con convocatorias esgotadas.

En tanto non se pronuncie o Consello Social sobre os requisitos de permanencia, é necesario dar unha resposta que palíe as disfuncións do actual sistema.

Ós efectos de permiti-la conclusión dos estudos universitarios, estímase conveniente flexibilizar este límite en determinados supostos que impiden a conclusión dos estudos, e tendo en conta o rendemento académico realizado polo alumno.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno na súa sesión do 22 de abril de 1996 acadou o seguinte

## A C O R D O:

1º.- Os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela que tiveran esgotadas as sete convocatorias para superar algunha materia, poderán concorrer de novo a exame se non lles restaran máis de tres materias para concluí-los seus estudos, sen contabilizar aquelas materias que non poden ser superadas como consecuencia de existir unha materia prelación non superada.

2º.- O Rector poderá reconecer unha convocatoria máis naqueles supostos nos que o alumno teña esgotadas as sete convocatorias na Universidade de Santiago de Compostela e non poida continuar ou concluí-los seus estudos nas Universidades do sistema Universitario Galego, se vexa afectado por procedementos de extinción ou modificación de planos de estudio ou causa análoga.

3º.- Os alumnos afectados por algunha das situacións anteriores para concorrer a exame, deberán solicitalo expresamente ó Rector da Universidade.

4º.- O presente acordo terá eficacia a partir do presente curso académico 1995-96.

Os alumnos que se encontren nalgunha das causas anteriores, poderán solicitalo para o presente curso antes do 15 de maio.

Nos vindeiros cursos a solicitude realizarase nos prazos ordinarios de matrícula.